

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMATIVA DENOMINADA:

- **ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE NARÓN.**

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciarase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

- **ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE NARÓN**

A normalización lingüística é un proceso social que procura o incremento do uso e do prestixio dunha lingua minorizada en todos os ámbitos da sociedade, no caso de Galicia, do galego. Procura a recuperación de todas as funcións e dereitos dunha lingua, para que poida ser o medio “normal” e habitual de expresión social dos membros da comunidade.

A normalización lingüística é un proceso social participativo que, ou é protagonizado pola propia sociedade que se implica nun proceso de cambio, ou non se consegue, e as administracións públicas teñen a obriga e responsabilidade de apoiar e promover ese proceso.

Para implicar á sociedade nese proceso de cambio, o Concello de Narón adoptou unha política lingüística activa na promoción do uso da lingua galega na que destacan as seguintes medidas fundamentais: creación dun servizo de

normalización lingüística que ten como misión darlle soporte técnico ao proceso de extensión do uso e da normalización do galego en todos os ámbitos e sectores do termo municipal, non só no seo da propia administración; cumprimento dos mandados da lexislación vixente en materia lingüística na Administración local; ou a colaboración con outras entidades en materia de normalización lingüística, como son os proxectos colaborativos con outras administracións locais Apego e Club de Debate, a adhesión á Rede de Dinamización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, ou a creación da Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega (Alingua) xunto con outras entidades locais.

Pero o Concello de Narón aínda non conta cunha disposición normativa que recolla e regule o uso social do idioma atendendo a todos os ámbitos da vida municipal, non conta cunha ordenanza de normalización lingüística que aprobe unhas liñas de actuación co fin de incorporar o galego en todos os ámbitos da vida municipal e impulsar a normalización do seu uso no conxunto da sociedade.

Ademais, no marco da planificación do III Plan de igualdade de Narón, xurdiu a conveniencia de incluír como unha acción do plan a introdución dunha epígrafe na Ordenanza de normalización lingüística que desenvolva unhas liñas de estilo ou pautas para usar unha linguaxe inclusiva na comunicación interna e externa do Concello de Narón.

Esta ordenanza ten por obxecto regular o uso do galego no Concello de Narón no que respecta ao uso oficial e aos dereitos lingüísticos, atención ao público, documentación e actuación administrativa, publicacións, accións informativas, formativas e actividades públicas, relación con outras administracións e coas empresas privadas, toponimia, etc.